



*Webb* →

6º Educación Infantil

# Día das letras galegas 2023

# FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Francisco Fernández del Riego naceu en Vilanova de Lourenzá, Lugo, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primeiro dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno nun colexio de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos Francisco marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito da Universidade Complutense.


Cando voltou a Galiza rematou os estudos de Dereito, deu clases en dous colexios de Vigo e traballou nun bufete de avogados desta mesma cidade.

Foi un gran traballador polo idioma galego: escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, dirixiu a revista Grial, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro da Real Academia Galega e presidiuna durante catro anos, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan o idioma e a cultura galega.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar...* e unha chea de libros máis.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.



Francisco, á idade de un ano, con seus pais.



Vestido cunha corroza tradicional de palla.

ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DEDÍCASELLE AO ESCRITOR FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO POLA SÚA DEFENSA DO IDIOMA E DA CULTURA GALEGA.



E D F R E Z N A N



CAL É O PRIMEIRO APELIDO DO AUTOR ? ORDENA AS LETRAS E COLOREA.

FRANCISCO NACEU EN VILANOVA DE LOURENZÁ, NA PROVINCIA DE LUGO, O 7 DE XANEIRO DE 1913.

U L O G

— — — —

A CORUÑA

LUGO


PONTEVEDRA

OURENSE




EN QUE PROVINCIA NACEU FRANCISCO? ORDENA AS LETRAS E COLOREA

FRANCISCO FERNÁNDEZ FOI UN GRAN DEFENSOR DO IDIOMA GALEGO E FIXO UNHA CHEA DE COUSAS POR EL.



RECORTA A CARICATURA DE FRANCISCO, ENCARTA OS DATOS E XA TES UN DESPREGABLE CON INFORMACIÓN SOBRE A SÚA VIDA.

FRANCISCO, DENDE MOI NOVO, USOU GAFAS E SEMPRE LLE GOSTABA IR DE TRAXE E GARAVATA. ERA MOI ELEGANTE!



LOCALIZA E ARRODEA AS CINCO DIFERENZAS ENTRE ESTAS DÚAS CARICATURAS DE FRANCISCO FERNÁNDEZ. COLOREA.

# **NO COMEZO ERA O CAMIÑO**

## **Francisco Fernández del Riego**

Santiago converteuse moi axiña nunha peregrinación case obrigatoria.



OS PEREGRINOS A SANTIAGO LEVABAN UNHA INDUMENTARIA MOI PARTICULAR PARA PROTEXERSE DO SOL, DO FRÍO E DA CHUVIA.

**C** \_\_\_\_\_

**C** \_\_\_\_\_

**S** \_\_\_\_\_

**B** \_\_\_\_\_

**C** \_\_\_\_\_

**SOMBREIRO**  
**CAPA**  
**CUNCHA**  
**BORDÓN**  
**ZURRÓN**  
**CABAZA**



**Z** \_\_\_\_\_

COLOCA CADA NOME ONDE LLE CORRESPONDA. COLOREA



AO LONGO DO CAMIÑO DE SANTIAGO ATOPAMOS MOITOS SÍMBOLOS QUE NOS INDICAN A RUTA QUE HAI QUE SEGUIR.



**CRUZ  
DE SANTIAGO**




**BORDÓN**

**MOUTEIRA**

**CUNCHA  
DE VIEIRA**

**FRECHA  
AMARELA**

**CREDENCIAL**




COLOCA CADA NOME ONDE LLE CORRESPONDA. COLOREA























# NA TORRE DE HÉRCULES

## Francisco Fernández del Riego

Tamén que era o único faro da época romana que se conserva no mundo. Enfeitizábanos o que del contaban as míticas crónicas: no seu cume había un espello máxico no que se reflectían as naos.






A LUZ QUE EMITE A TORRE DE HÉRCULES PÓDESE VER A MÁIS DE CORENTA E DOUS QUILÓMETROS DE DISTANCIA.

								
<b>T</b>	<input type="text"/>	<b>R</b>	<b>R</b>	<input type="text"/>	<b>D</b>			
								
								
<b>H</b>	<input type="text"/>	<b>R</b>	<b>C</b>	<input type="text"/>	<b>L</b>			


COMPLETA O TEXTO SEGUINDO O CÓDIGO.

A LENDA DI QUE A TORRE DE HÉRCULES FOI FEITA POLO MESMO HÉRCULES DESPOIS DE LOITAR E VENCER AO XIGANTE XERIÓN.



COLOREA, RECORTA E XOGA AO TRES EN RAIA CON HÉRCULES E XERIÓN.

O SUDOKU É UN PASATEMPO QUE CONSISTE EN COMPLETAR UNHAS CASIÑAS PERO SEN REPETIR NINGÚN DEBUXO NA MESMA FILA OU NA MESMA COLUMNA.



COLOREA, RECORTA E COMPLETA O SUDOKU.


# TROBADORES E XOGRARES

**Francisco Fernández del Riego**

A carón da literatura escrita tivo unha grande importancia na Idade Media, a cultura oral. Os seus axentes foron os xogares. Tratábase de recitadores, cantores e músicos ambulantes que divulgaban nas feiras, castelos e cidades un repertorio musical e literario, aguilloado directamente polos ouvintes. Menéndez Pidal escribiu que xogares eran todos aqueles que ganaban a vida actuando perante un público, para recrealo coa música ou coa literatura, ou con xogos de man, de acrobatismo, de mímica, etc.




FRANCISCO TAMÉN SABÍA MOITAS COUSAS DO NOSO TRAXE TRADICIONAL E POR EL SABEMOS COMO SE VESTÍAN AS GALEGAS DE HAI MOITOS ANOS.



COLOREA OS DEBUXOS, RECÓRTAOS E PONLLE Á RAPAZA O SEU TRAXE TRADICIONAL.



FRANCISCO TAMÉN SABÍA MOITAS COUSAS DO NOSO TRAXE TRADICIONAL E POR EL SABEMOS COMO SE VESTÍAN OS GALEGOS DE HAI MOITOS ANOS.



COLOREA OS DEBUXOS, RECÓRTAOS E PONLLE AO RAPAZ O SEU TRAXE TRADICIONAL GALEGO.



POIS XA SABES UNHA CHEA DE COUSAS DE FRANCISCO, A PERSOA Á QUEN SE LLE DEDICA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTE ANO, UNHA CELEBRACIÓN IDEADA POR EL CANDO ERA MEMBRO DA REAL ACADEMIA GALEGA.



DESCUBRE OS APELIDOS DE FRANCISCO SEGUINDO O CÓDIGO DO RECADRO.